



## Actuacións da ACSUG ante a alerta sanitaria provocada polo COVID-19 no que se refire aos **programas de avaliación de títulos e centros**

A ACSUG, seguindo as directrices da REACU publicadas o 3 de abril de 2020 ante a situación de excepción provocada polo COVID-19 e as instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia, así como os comunicados e documentos das autoridades educativas, elabora este documento con instrucións e actuacións a desenvolver mentres dure esta situación excepcional, co obxectivo de dar resposta ás dúbidas xeradas sobre o estado dos programas de avaliación de títulos e centros do SUG:

### **DIRECTRICES XERAIS QUE AFECTAN A TODOS OS PROGRAMAS DE AVALIACIÓN**

- A suspensión de prazos administrativos establecida no RD 463/2020 aplícase a todos os procedementos administrativos da ACSUG.
- A actividade de avaliación a través das diferentes plataformas (<https://srv.aneca.es/verifica/> e <https://avalia.acsug.es/>) mantense activa, na medida en que as comisións de avaliación de títulos e centros sigan a traballar con normalidade, o que vén sucedendo desde que se decretou o estado de alarma.
- Igualmente, a CGIACA, órgano encargado da emisión de informes da ACSUG, segue a manter xuntanzas virtuais para aprobar os diferentes informes e proceder á súa emisión.

### **PROGRAMA DE VERIFICACIÓN E MODIFICACIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS**

#### **a) Expedientes de avaliación iniciados este curso académico 2019-2020:**

- Os informes finais de avaliación para a verificación de títulos oficiais que non se emitiran antes do estado de alarma emitiranse logo da súa aprobación nas xuntanzas da CGIACA do 16 e do 30 de abril.
- Os informes finais de modificación emitiranse entre abril e maio.

#### **b) Memorias de títulos xa verificados:**

- Segundo as directrices da REACU, do Ministerio de Universidades e das instrucións publicadas pola Secretaría Xeral de Universidades, establécese que os cambios requiridos nas memorias das titulacións, en relación coa necesaria adaptación das guías docentes para se adaptar á docencia non presencial (clases, avaliacións e prácticas), **non requirirán dun proceso formal de modificación do título** e a súa avaliación realizarase **nos procesos de seguimento e renovación da acreditación**.

- As universidades **deben remitirle á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG o documento** xerado cos criterios académicos de adaptación do formato presencial ao formato non presencial da docencia, válido para o conxunto das titulacións de grao e máster da universidade. Este documento debe conter, como mínimo, os apartados fixados pola Secretaría Xeral de Universidades nas instrucións recollidas no documento publicado o 6 de abril de 2020. O dito documento considerárase como unha addenda a todas as memorias de grao e máster para que quede constancia documental e confira a todo o proceso seguridade académica e xurídica.

#### PROGRAMA DE ACREDITACIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS

- Suspéndense todas as visitas a centros de maneira presencial. Polo tanto, as visitas programadas para a renovación da acreditación dos **títulos de máster** adíanse *sine die*. Preferentemente, as visitas realizaranse de forma presencial nas datas pactadas coas universidades cando as autoridades sanitarias o permitan. A posibilidade de realizar as visitas de maneira virtual será analizada polo persoal técnico da ACSUG cando se normalice o traballo nas instalacións da Axencia e isto permita unha axeitada organización destas visitas virtuais.
- Os informes de acreditación de máster correspondentes ás visitas realizadas en febreiro e marzo emitiranse coa maior brevidade posible.
- No caso da renovación da acreditación dos **programas de doutoramento**, dado que están afectados pola moratoria (disposición adicional décimo quinta do RD 103/2019, do 1 de marzo), realizarase unha reprogramación das visitas inicialmente planificadas para este curso académico, tratando, na medida do posible, de realizar as visitas no derradeiro trimestre de 2020. A pesar de que as visitas se interromperon, a aplicación AVALÍA segue dispoñible para que as universidades poidan seguir completando a documentación de cada un dos programas.
- Informes pendentes do Programa piloto de acreditación de programas de doutoramento (2018-2019): emitiranse os informes provisionais e finais pendentes ao longo do mes de maio.

#### PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS

- O prazo inicialmente previsto para a subida da documentación por parte das universidades á plataforma AVALÍA era o 31 de maio. **Amplíase o prazo ata o 30 de xuño.**

#### PROGRAMA DE SEGUIMIENTO INSTITUCIONAL DE CENTROS

- O seguimento institucional de centros, previsto para este curso, **queda en suspenso** ata que se resolvan todos os expedientes que se presentaron ao programa piloto de 2019 e a aprobación, por parte da ACSUG, dunhas directrices mínimas que sirvan de guía aos centros e comisións de avaliación. Durante o programa piloto, a presentación da documentación entre os distintos centros (incluso dunha mesma universidade) foi moi diversa, polo que precisamos establecer unhas liñas comúns que faciliten a revisión e a avaliación.

#### PROGRAMA DE CERTIFICACIÓN DE SGC (FIDES-AUDIT)

- **Centros que teñen que renovar o certificado de implantación en 2020:** as comisións de avaliación están a avaliar a documentación previa, quedando pendentes as visitas aos centros, que se realizarán en canto a alerta sanitaria o permita.

- **Centros que se presentan á primeira certificación da implantación:** realizarase unha nova reprogramación de datas.
- **Centros aos que lles corresponde o seguimento da implantación:** a medida que os centros envíen a documentación de seguimento, as comisións de avaliación continuarán a realizar as avaliacións.

#### **PROGRAMA DE ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL**

- As solicitudes de acreditación institucional poderanse seguir realizando e resolveranse de acordo co procedemento previsto. Dado que se trata dun procedemento aberto, unha vez que un centro reúna os requisitos para solicitar a acreditación institucional (Resolución do 7 de marzo de 2018 da Secretaría Xeral de Universidades), debe enviar a solicitude á Axencia a través do correo electrónico [verifica@acsug.es](mailto:verifica@acsug.es). Unha vez recibido, activarase en AVALÍA (<https://avalia.acsug.es/>) o expediente para que o centro incorpore a información e documentación necesaria para obter a acreditación institucional.

#### **ACTIVIDADES INTERNACIONAIS DE AVALIACIÓN**

- Prorróganse sen data de peche os prazos para a subida da documentación á plataforma AVALÍA, quedando suspendidas ata nova orde as visitas presenciais, que se deberán reprogramar cando a situación sanitaria o permita.

#### **PLANIFICACIÓN DO TRABALLO A DESENVOLVER DE MANEIRA COORDINADA COAS UNIVERSIDADES**

- Unha vez que a situación o permita, a ACSUG e as universidades deberán reunirse, de maneira presencial ou virtual, para reprogramar todas as visitas pendentes.

#### **ACSUG, UNIDADE DE PROGRAMAS**

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15 DE ABRIL DE 2020